

Recordatorio de deberes legais ao Concello de Moaña de adecuar a actuación administrativa aos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución e 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro

Expediente: B.10.Q/7133/21

Relacionado cos Q/2852/19 e SUX-REC 5/21

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

Sra. alcaldesa:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu en xullo de 2021, solicitando a nosa intervención XXX, presidente da Asociación Ecoloxista XXX en relación coas actuacións correspondentes co S.A.U. A-7 do Residencial Golf Domaio, pertencente ao municipio de Moaña.

Nesa queixa, esencialmente, indicaba que o Concello aceptara a recomendación formulada con ocasión da queixa Q/2852/19, pero despois dun tempo considerable aínda non tivera efectividade dita aceptación, posto que ao parecer se atopaba pendente dos informes xurídicos da secretaría.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información a esa Administración que nola remitiu nas seguintes datas:

1.- Informe recibido en data 20/10/2021.

No informe o Concello sinalaba que se estaban revisando todos os expedientes para *“avaliar a posibilidade de declarar a caducidade das licenzas”*

Realizáronse varios requirimentos mais non se recibiu novo informe ata:

2.- Informe recibido en data 14/09/2023.

*“(..) Na actualidade o arquitecto municipal acaba de emitir un informe para proceder á caducidade das licenzas de obra nº 139/00 e 81/03 relativos a esta urbanización. En canto sexa posible incoaremos os oportunos expedientes de caducidade.”*

O día 20 de febreiro requiriuse actualización de informe ao Concello de Moaña.

## 2.- Informe complementario recibido en data 13/05/2024.

*“O 20 de febreiro do presente ano (co rexistro de entrada nº 972) solicitan coñecer o estado do presente expediente (..) sobre as actuacións relacionadas coas obras da Unidade de Actuación S.A.U. A-7 do Residencial Golf Domaio, situadas en San Lourenzo, Domaio, Moaña.*

*No anterior informe indicabámoslle que estaba pendente de informe xurídico para declarar a caducidade das licenzas de obra nº 139/00 e 81/03 relativas a esta urbanización. Na actualidade a asesoría xurídica acaba de emitir os informes de referencia e queda pendente de poder incoar os expedientes de caducidade das licenzas mencionadas.”*

### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. A actual queixa trae causa do retraso nas actuacións tendentes a declarar a caducidade das licenzas correspondentes ao polígono S.A.U. A-7 do Residencial Golf Domaio. A queixa está relacionada co expediente Q/2852/19 a resultas do cal emitíuse, o día 4 de febreiro de 2020, unha recomendación nos seguintes termos:

*“Que se proceda á incoación do expediente de caducidade de licenzas de obras no sector B da Unidade de Actuación S.A.U. A-7 Residencial Golf Domaio, no Concello de Moaña e que se resolva nos prazos legalmente previstos.”*

Dita recomendación foi aceptada por ese Concello en data 23/09/2020. Na aceptación expresa, o informe municipal sinalaba que a causa do retraso do expediente eran as limitacións do persoal existente e a presentación de escritos reiterados respecto de cuestións semellantes por parte dun veciño dese Concello.

Segundo os informes municipais achegados a esta institución, aínda está pendente a incoación dos expedientes de caducidade das licenzas en cuestión , malia que se sinala que están xa emitidos os informes xurídicos preceptivos.

SEGUNDA. Como o Tribunal Supremo ten afirmado reiteradamente, a caducidade dunha licenza de obras é un acto administrativo formal de declaración de tal, cuxo soporte fáctico é

a suficiente constatación dun feito como é o transcurso do tempo concedido para a realización das obras que a licenza ampara sen que estas se iniciaran, ou, o que é máis corrente, sen que se concluíron. A caducidade é unha posibilidade ineludible que pertence á esencia da licenza urbanística como institución ao servizo da eficacia do plan de urbanismo. O fundamento da posibilidade xurídica da caducidade das licenzas urbanísticas non está na presunción de abandono do dereito por parte do seu titular, no caso de non exercelo durante algún tempo, senón no interese xeral.

A licenza urbanística é un acto administrativo declarativo de dereitos e dise que ten carácter temporal porque, dada a súa función servicial do plan urbanístico, se as operacións autorizadas por aquela non se inician en determinado prazo ou se suspenden durante certo tempo prodúcese a súa caducidade; cesa a eficacia da licenza. Como queira que o outorgamento da licenza urbanística determina a adquisición do dereito para edificar, a súa caducidade extingue tal dereito e o solicitado non poderá iniciar ou renovar actividade algunha ao amparo da licenza caducada, agás autorización expresa para garantir a seguridade das persoas e bens, así como o valor da edificación xa realizada. STSJ MADRID 9 outubro 2013).

TERCEIRA. De acordo co disposto no artigo 371 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os concellos teñen entre as súas competencias a do exercicio da actividade administrativa relativa á protección da legalidade urbanística, que comprende, entre outras funcións, a de inspeccionar as obras, edificacións e usos do solo para comprobar o cumprimento da legalidade urbanística, constatar e denunciar todas as anomalías que se observen, informar sobre a adopción de medidas cautelares, correctivas e sancionadoras que se consideren convenientes para o mantemento da disciplina urbanística e adoptar as medidas necesarias para a restauración da orde urbanística vulnerada e repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal.

A competencia administrativa é o conxunto de atribucións que se asignan aos diferentes órganos administrativos e son o ámbito dentro do cal estes poden desenvolverse e pronunciar os seus actos. A competencia supón, por tanto, unha habilitación previa e necesaria para que a entidade ou o órgano poida actuar validamente, consonte o establecido nunha norma.

Consonte o disposto no artigo 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a competencia ten carácter irrenunciable e debe ser exercida polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia.

CUARTA. As administracións públicas deben servir con obxectividade aos intereses xerais, atendendo aos principios emanados do artigo 103.1 da Constitución Española entre os que se atopa a eficacia. O propio Tribunal Supremo, na sentenza de 17 de abril de 2017, sinalaba que

“(..) éralle esixible á Administración unha conduta o suficientemente dilixente como para evitar definitivamente as posibles disfuncións derivada da súa actuación, por así esixilo o principio de boa administración que non se detén na mera observancia estrita de procedemento e trámites, senón que máis aló reclama a plena efectividade de garantías e dereitos recoñecidos legal e constitucionalmente ao contribuínte (..)”.

A intervención administrativa e as facultades de tutela das infraccións urbanísticas e sancionadoras son inescusables e as autoridades e os funcionarios están obrigados a iniciar e tramitar os procedementos establecidos para o exercicio destas competencias, de acordo cos principios de eficacia, economía e rapidez contemplada no artigo 103 da Constitución. A finalidade é evitar que o incumprimento da norma beneficie aos infractores e prexudique ao propio concello e á veciñanza.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

***Adecuar a actuación administrativa aos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución e 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo